

ANUNCIO PARA TODAS/OS AS/OS ASPIRANTES ADMITIDAS/OS NOS PROCESOS SELECTIVOS QUE INICIAN FASE DE OPOSICIÓN A VINDEIRA SEMANA DE 22 DE MARZO DE 2021

Pola presente o Sr. Concelleiro delegado de Persoal e Seguridade Cidadá, ante o volumen de consultas realizadas **COMUNICA**:

A todas/os as/os membros dos Tribunais seleccionadores e a **todas/os aspirantes** admitidas/os nos procesos selectivos que inician fase de oposición na vindeira semana, de seguido referidos:

- 3 prazas de persoal laboral de conserxes de centros sociais (chamamento luns 22 de marzo de 2021)
- Bolsa de emprego de persoal administrativo (chamamento martes 23 de marzo de 2021)
- 11 prazas de persoal laboral de condutores de recollida e transporte de residuos sólidos urbanos (chamamento mércores 24 de marzo de 2021)
- Xefatura de área de obras e servizos, provisión por concurso (constitución Comisión avaliadora 26 de marzo de 2021)

Que, pese a actual situación de peche perimetral do Concello de Arteixo, **non precisan dun salvoconducto específico** para poder acudir ao chamamento de exame, sendo que poderán acreditar tal circunstancia, de ser necesario, ante as Forzas e Corpos de Seguridade ou autoridade competente, coa **publicación do BOP de A Coruña da listaxe definitiva de aspirantes** de cada un dos procesos selectivos, xunto co seu DNI ou documento indetificativo.

De resultar necesario, o Concello expedirá xustificante de asistencia ao exame aos aspirantes que así o soliciten, despois da realización do exame con identificación individualizada e indicación de inicio e remate da proba realizada.

E para que así conste aos efectos oportunos, asíñase a presente en Arteixo.

Asina dixitalmente: José M^a Sánchez Novo (CONCELLEIRO DE PERSOAL E SERGURIDADE CIDADÁ)